

Polo mantemento do emprego e da actividade industrial

O naval da Ría de Vigo atravesará unha situación crítica, até o punto de que a súa supervivencia está en xogo a pesar do relato oficial de recuperación. Ao peche de Vulcano súmase agora a grave crise da principal empresa do sector, Barreras, cuxa desaparición suporía o fin dunha industria que xera milleiros de empregos e que é fundamental para a economía da comarca. Tanto a dirección da empresa, pola súa mala xestión, como o Goberno central e a Xunta, pola súa pasividade, son responsábeis do que está a acontecer, ao que hai que sumar a ausencia dunha política industrial para o noso país.

Diante disto, dende a CIG-Industria achegamos unha serie de propostas para o estaleiro Barreras:

- 1. Retomar de inmediato a actividade industrial** coa volta dos traballadores/as e das empresas auxiliares. O estaleiro, a navieira, o fondo de investimentos ou a Administración deben garantir **o cobro/pago dos traballos realizados** durante o período de concurso. Obviamente, non se poderá contar coas empresas e cos empresarios/as responsábeis da actual situación.
- 2. Urxente implicación da Xunta** para que Barreras volva a ter carácter público, como o tivo antes da súa privatización coa venda a prezo por debaixo de mercado por parte do Goberno de Aznar, xa que se trata dun sector estratéxico para Galiza e fundamental para a comarca de Vigo, achegando **as axudas públicas necesarias** para a súa vertebración e freando o actual proceso de precarización laboral e de emigración de man de obra cualificada, imprescindible para un sector competitivo.
- 3. Transparencia** por parte de todas as partes implicadas neste proceso coa creación dunha MESA DE SEGUIMIENTO DA CRISE DE BARRERAS con representación do estaleiro, Administración, centrais sindicais, inversores, clientes e empresas auxiliares para elaborar unha **diagnose real** do estado da empresa que permita valorar as necesidades do estaleiro para saír da crise e a posíbel proposta de convenio para os acredores.
- 4.** Posta en marcha por parte do Goberno central das medidas necesarias para a **reposición das prestacións por desemprego** durante o período no que os traballadores/as estiveron sen actividade, garantindo o mantemento dos cadros de persoal por parte das empresas auxiliares, xa que os traballadores/as son os verdadeiros damnificados/as desta situación xunto coas súas familias.
- 5.** Reclamar que os fondos de garantía de depósito feitos polos accionistas para a construción dos buques **non lles sexan devoltos** no caso de que se venda o estaleiro e se empreguen para o **pagamento** das débedas que o propio estaleiro ten **coas empresas auxiliares**, exceptuando as que puidesen estar vinculadas coa dirección do estaleiro.
- 6.** Esixir **responsabilidades empresariais e penais** á anterior dirección pola súa xestión deficiente e por colocar o estaleiro na situación de quebra actual.

**Defendamos
o Sector Naval**